# PROGRAMACIÓN  DIDÁCTICA

## <u>CURSO 2022-23</u>

Departamento de Música

IES VILAR PONTE

# INDICE


1-INTRODUCCIÓN………………………………………………………….……………………2

2-CONTEXTO DO CENTRO………………………………………………………………. …4

3-OBXETIVOS ……………………………………………………………………………....5

4-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS C.C……………………………………. 7

5-PROGRAMACIÓN MÚSICA ……………………………………............……………...9

5.1-MÚSICA 2ª ESO……………………………………………………………………………10

5.2 MÚSICA 4º ESO……………………………………………………………………………17

5.3 ANÁLISE MUSICAL 2º BACHARELATO……………………….……………………24

6-AVALIACIÓN……………………………………………………………….…………...33

7-METODOLOXÍA………………………………………………………………………..37

8-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS……………………………………………………39

9-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE………………………………………………………………………………….40

10-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE…………………………………………….41

11-CONCRECCIÓN ELEMENTOS TRANSVERSAIS……………………………………..42

12-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES……………........................................................……………..42

13-AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA……………………………………………43

14-DATOS DEPARTAMENTO…………………………………………………………………44

15-REFERENCIA NORMATIVA…………………………………………….…………...44

## 1.INTRODUCCIÓN

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta

arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## 2. CONTEXTO DO CENTRO

O IES Vilar Ponte sitúase na vila de Viveiro entre os núcleos de Viveiro e Covas. A maioría dos alumnos-as acoden dos núcleos urbanos, o resto do alumnado acude dos núcleos rurais de Vieiro, Landrove, Area e outros. Ao bacharelato acoden alumnos-as do IES de Xove.

Os centros adscritos ao centro son o Colexio Landro (centro concertado) e os Ceip públicos de Covas e Lois Tobio.

O alumnado, nos últimos anos, volveuse mais heteroxéneo, sendo importante a chegada de alumnado inmigrante, en especial, da República Dominicana.

O alumnado do Ies Vilar Ponte, e a Vila de Viveiro en concreto, sempre estivo moi apegado a música xa que conta cun Conservatorio Profesional, por iso, é unha materia que ten moita aceptación tanto nos niveis obrigatorios, coma nos cursos nos que se oferta a materia de maneira optativa.

## 3. OBXECTIVOS

### 3.1 Obxectivos ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades, especialmente as da información e a comunicación.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) coñecer e valorar o uso da lingua galega como elemento de identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural.

## 3.2 Obxectivos Bacharelato

a)Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b)Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c)Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición social ou persoal.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe.

e).Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística , así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### a) Competencia lingüística (CCL)

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

### b)Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

### c) Competencia dixital.(CD)

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

**d)Competencias socias e cívicas (CSC)**

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

**e) Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

**f)Competencia para aprender a aprender.(CAA)**

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de auto superación e auto disciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

**g)Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Analizando o funcionamento da industria discográfica, incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta

competencia, pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que os fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

## 5--PROGRAMACIÓN MÚSICA

Os elementos do currículo básico están organizados en catro bloques que son os seguintes:

Bloque 1.Creación e interpretación

Bloque 2.Escoita

Bloque 3.Contextos musicais e culturais

Bloque 4. Música e tecnoloxía

## 5.1 Música 2º ESO

**TEMPORALIZACIÓN** das oito unidades didácticas nas, aproximadamente, 36 semanas do curso escolar:

| | | |
|---|---|---|
| Unidade 1: O son. Calidades do son | Primeiro trimestre | 2 semanas |
| Unidade 2: Calidades do son: a altura | | 5 semanas |
| Unidade 3: Calidades do son: a duración | | 5 semanas |
| Unidade 4: Calidades do son: a intensidade | | 2 semanas |
| Unidade 5: Calidades do son: o timbre | Segundo trimestre | 6 semanas |
| Unidade 6: A organización do son: ritmo, melodía, textura | | 6 semanas |
| Unidade 7: A estrutura da música: a forma musical | Terceiro trimestre | 5 semanas |
| Unidade 8: O contido e a función da música: o xénero musical | | 5 semanas |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| .n<br>.ñ<br>.m | B1.1 Parámetros do son, elementos básicos da linguaxe musical.<br>Agrupacións vocais e instrumentais en diferentes xéneros | B1.1Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical usando unha linguaxe apropiada | MU1.1.1Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical<br>MU1.1.2Recoñece e interpreta ritmos e compases a través da lectura, audición. | 50%<br>50% | CMCCT<br>CCEC |
| .n | B1.2 Notación musical | B1.2 Distinguir e utilizar os elementos de representación gráfica da música. | MU1.2.1 Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica | 50% | .CCEC |
| n<br>.g | B1.3 Habilidades técnicas e interpretativas. | B1.3 Improvisar e interpretar estruturas musicais sobre escalas e ritmos comúns | MU1.3.1Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais. | 50% | CAA<br>CCEC |
| .a<br>.b | B1.4 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a | B1.4 Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e | MU1.4.1Adquire e aplica as habilidades | 50% | CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .d | interpretación en grupo e respecto ante outras formas de expresión | habilidades técnicas nas actividades de interpretación, e cumprimento das normas | técnicas necesarias<br><br>MU1.4.2 Amosa interese polo coñecemento e aplicación da técnica e as normas | | CCEC |
| .a<br><br>.n | B1.5Improvisación e arranxos como recurso para a creación | B1.5 Amosar interese polas actividades de composición e improvisación | MU1.5.1Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas simples establecidas | 50% | CAA<br><br>CCEC |
| .g<br><br>.n<br><br>.d<br><br>.ñ | B1.6 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e lectura de partituras. | B1.6 Participar activamente e con iniciativa nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis. | MU1.6.1Memoriza e interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes xéneros, aprendidas por memorización e através de partitura. | 50% | CCEC |

BLOQUE 2. ESCOITA

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .n<br><br>.ñ | B2.1 Identificación dos elementos da música na audición e análise. Discriminación auditiva de instrumentos e voces | B2.1Identificar e describir os instrumentos e as voces , así como os diferentes tipos de agrupacións | MU2.1.1Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra así como as diferentes voces e tipos de agrupacións en diferentes estilos musicais | 50% | CCEC |
| .n | B2.2Elementos que interveñen na construción da obra: melodía, harmonía ritmo, textura, forma timbre, dinámica e tempo | B2.2Diferenciar os elementos de análise dunha obra: melodía, harmonía, ritmo, forma… seguindo diferentes partituras e audicións | MU2.2.1Sigue partituras como apoio audición e diferencia os diferentes elementos da análise | 50% | CCEC |
| .h<br><br>.n | B2.3 Audición e análise elemental de obras de diferentes xéneros estilos e culturas musicais | B2.3Identificar e describir mediante o uso de diversas linguaxes elementos e formas de organización musical. | MU2.3.1Describe os elementos das formas musicais propostas.<br><br>MU2.3.2 Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise dunha obra musical. | 50% | CCL<br><br>CCEC |
| .e | B2.4Actitude crítica ante o consumo da música e a | B2.4 Identificar situación do ámbito | MU2.4.1Toma conciencia da | 50% | CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .f<br><br>.m | contaminación acústica. | cotián con us indiscriminado do son. | contribución da música á calidade da experiencia humana. | | |
| .h<br><br>e | B3.4 Recollida de información e exposición de opinión persoal | B3.4Valorar a asimilación de conceptos musicais básicos | MUB3.4Emprega un vocabulario apropiado e expresa opinións propias | *50%* | CCL |

BLOQUE 3. CONTEXTOS MUSICAIS

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .l | B3.3 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e difusión das creacións musicais. Utilización de diferentes fontes de información para indagar sobre instrumentos e compositores galegos e españois. | B3.3Apreciar a importancia do patrimonio musical galego e español, e comprender o valor de conservalo e transmitilo | MUB3.3.1Valora e respecta a importancia do patrimonio musical galego e español.<br>MUB3.3.2 Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio musical<br>MUB3.3.3 Describe e recoñece instrumentos tradicionais galegos e españois | 50%<br>50%<br>50% | CCEC<br>CCEC<br>CCEC |
| .h<br>e | B3.4 Recollida de información e exposición de opinión persoal | B3.4Valorar a asimilación de conceptos musicais básicos | MUB3.4Emprega un vocabulario apropiado e expresa opinións propias | *50%* | CCL |

BLOQUE 4. MÚSICA E TECNOLOXÍAS

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .e<br><br>.n | B4.1 Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical para a aprendizaxe musical | B4.1 Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música | MUB4.1.1 Coñece as posibilidades que ofrece a tecnoloxía e utilízaas como ferramenta para a actividade musical | 50% | CD |
| .e<br><br>.n | B4.2.Utilización das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais | B4.2Utilizar as tecnoloxías da información para interpretar e gravar pezas musicais | MUB4.2.1 Utiliza e coñece as tecnoloxías da información interpretación e gravación de pezas | 50% | CD |
| .e<br><br>.n | B4.3 O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumento para o coñecemento da música | B4.3Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical | MUB4.3.1 Utiliza de xeito guiado as fontes e procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical | 50% | CD |

**5..MÚSICA 4º ESO**

**Contidos curriculares e temporalización.**

A materia de música en 4º de ESO ten un enfoque eminentemente práctico, onde se require a implicación directa do alumno para a investigación e elaboración dos temas propostos, así como unha actitude apropiada que implique interese, curiosidade por aprender, respecto polas normas e traballo colaborativo. O desenvolvemento das competencias relativas á expresión musical, oral e escrita, así como das compentencias TIC será clave no procedemento de avaliación.

En cada trimestre traballaranse os seguintes bloques de contidos de maneira simultánea

**BLOQUE 1- Interpretación e creación**
**BLOQUE 2- Escoita**
**BLOQUE 3- Contextos musicais e culturais**
**BLOQUE 4- Música e Tecnoloxías**

**1º TRIMESTRE**

1- 1.1 Os estilos musicais do século XX-XXI.
1.2 Afondamento nos conceptos básicos da linguaxe musical. Recoñecemento dos signos gráficos relacionados coas calidades do son.

2- 2.1 A música no cine: breve historia. A banda sonora; elementos, funcións e análise de exemplos. Principais compositores de música para cine.
2.2 As texturas musicais. Recoñecemento auditivo e visual.

**2º TRIMESTRE**

3- 3.1 As artes escénicas: ópera, danza ,ballet,musical. Breve historia e contextualización. Visualización, audición e análise. Principais obras, autores e intérpretes.
3.2 A melodía: construción e estrutura melódica .A forma musical simple.

4- 4.1 As profesións da música; diferentes ámbitos profesionais relacionados coa música e o son
4.2 A tonalidade; círculo de quintas; normas para o recoñecemento da tonalidade.

**3º TRIMESTRE**

5- 5.1 Música e publicidade. A música nos medios de comunicación.
5.2 O acorde tríada; tipos de tríada; inversión do acorde.

6- 6.1 A música en internet. Editores de audio e partituras. Apps musicais.
6.2 A función tonal do acorde.

BLOQUE I. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

| Obxetivo | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| | B1.1Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e con partitura, en grao crecente de complexidade | B1.2 Ensaiar e interpretar pezas voais e instrumentais aprendidadas de memoria e con soporte de partitura | MUB1.1.1Aplica as habilidades tácnicas necesarias para a interpretación.<br><br>MUB1.1.2 Le partituras como apoio á interpretación<br><br>MUB1.1.3Coñece e cumpre as normas establecidas para as actividades grupais | 50%<br><br>50%<br><br>50% | CAA<br><br>CSC |
| .a | B1.2 Planifición, ensaio e | B1.2Participar activamente nas | MUB1.2.1Interpreta e memoriza un | 50% | CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .b<br>.c<br>.g | interpretación na aula. Perseverancia na práctica de habilidades técnicas | tarefas necesarias para a realización das actividades musicais | repertorio variado de cancións e pezas instrumentais en aumento de complexidade | | CSC |
| .a<br>.c<br>.e<br>.g<br>.l<br>.m | B1.3 Ámbitos profesionais da música. Identificación e descricción das facetas e especialidades no traballo dos músicos | B1.3Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical | MUB1.3.1Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producción musicais(discos, programas de tv, radio, cine etc) | 50% | CSC<br>CSIEE |

<u>BLOQUE 2: ESCOITA</u>

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .b<br>.e<br>.f<br>.h<br>.l<br>.n | B2.1Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros e estilos | B2.1 Analizar e describir as principais carácterísticas de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de partituras | MUB2.1.1Analiza e comenta as obras musicais propostas<br>MUB2.1.2 Le e analiza partituras como apoio á audición | 50%<br>50% | CMCCT<br>CCL<br>CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .a<br>.h<br>.i<br>.l | B2.2Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre a música de diferentes épocas e culturas | B2.2Recoñecer auditiviamente, clasificar e contextualizar as obras escoitadas, amsando respecto polas novas propostas | MUB2.2.1Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais con terminoloxía adecuada<br>MUB2.2.2Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo | 50%<br>50% | CCL<br>CCEC<br>CCEC<br>CSC |
| .a<br>.e<br>.f<br>.g<br>.l<br>.m | B2.3Edición,comercialización e difusión da música: Novas modalidades de distribución de música e as súas consecuencias para os profesionais | B2.3Distinguir as función que cumpre a música na sociedade atendendo á intención de uso e medio de difusión | MUB2.3.1Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusiñon da música | 50% | CD<br>CSC |
| .a<br>.h<br>.l<br>.n | B2.4 Factores que inflúen nas modas musicais. Interese pola diversidade de propostas musicais | B2.4Explicar algunas das función que cumpre a música na vida | MUB2.4.1Coñece e explica o papel da músicaen contextos diversos e medios de comunicacion | 50% | CCL<br>CCEC<br>CSC |

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .a<br>.b<br>.c<br>.e<br>.f | B3.1Recoñecemento e contextualización das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego e español | B3.1 Apreciar a importancia patrimonial da música galega e española, e comprender o valor de conservala | MUB3.1.1Amosa interese por coñecer o patrimonio galego e español | 50% | CSC<br>CCEC |
| .a<br>.b<br>.e<br>.l | B3.2 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais , artísticas e formais | B3.2 Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e comprender o seu valor cultural | MUB3.2.1Analiza a través da audición músicas de distintos lugares e identifica as súas características | 50% | CSC<br>CCEC |
| .a<br>.b<br>.e<br>.h<br>.g | B3.3 A música ao sevizo doutras linguaxes: corporal, teatral,..Análise da música usada en diferentes espectáculos | B3.3Realizar actividades que reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas | MUB3.3.1Elabora traballos de investigación nos que establece relación entre a música e outras disciplinas | 50 | CAA<br>CCL |
| .a | B3.4Uso de diferentes | B3.4Coñecer e | MUB3.4.1Realiza | 50% | CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .b<br>.c<br>.e<br>.h<br>.i<br>.l | fontes de información para indagar sobre a música popular urbana. O son e a música nos medios na tecnoloxía. Sensibilización ante o consumo indiscriminado da | analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana | traballos e exposicións sobre a evolución da música popular<br>MUB3.4.2Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos | <br>50% | CSC<br>CCL<br>CD |

BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .e<br>.f<br>.g<br>.l | B4.1 Papel das tecnoloxías na música. Transformación de hábitos , valores e gustos debido aos avances tecnolóxicos | B4.1Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical | MUB4.1.1Selecciona e usa recursos tecnolóxicos e comprende a transformación nos hábitos e gustos musicais | 50% | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| .e<br>.f | B4.2Utilización de dispositivos electrónicos, e | B4.2Aplicar as técnicas de grabación | MUB4.2.1Manexa as tácnicas básicas necesarias para | 50% | CSC<br>CD |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| .g<br>.l | software musical para o adestramento auditivo e a interpretación musical | analóxica e dixital para rexistrar as interpretacións musicais | elaborar un produto audiovisual | | |
| .e<br>.f<br>.g<br>.l<br>.m | B4.3Análise das función da música en produccións audiovisuais como publicidade ou televisión e cine | B4.3Caracterizar a función da música nos medios e as súas aplicación na publicidade, videoxogos etc | MUB4.3.1Utiliza con autonomía as fontes de información e procedementos adecuados para realizar traballos relacionados cá función da música nos medios | 50% | CAA<br>CD |
| .f<br>.g<br>.l<br>.m | B4.4 Valoración crítica do uso dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información como recurso para a difusión sonora | B4.4Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e usalas con autonomía | MUB4.4.1Amosa interese por coñecer as posibilidades das novas tecnoloxías como ferramenta musicais | 50% | CAA<br>CL |

**5-3 ANÁLISE MUSICAL 2º BACHARELATO**

**Contidos curriculares e temporalización.**

**BLOQUE 1: INTRODUCCIÓN  Á ANÁLISE DOS XÉNEROS MUSICAIS (1º TRIMESTRE)**

**TEMA1.1: REPASO ELEMENTOS BÁSICOS DA ANÁLISE**

a) Melodía
b) Harmonía
c) Ritmo
d) Timbre
e) Textura

**TEMA 1.2: FORMA MUSICAL**

a) Estrutura e forma
b) Os elementos xeradores de forma: repeticion,variación e contraste
c) As formas simples: forma binaria  e forma ternaria

**TEMA 1.3: A MÚSICA E OS SEUS XÉNEROS**

a) Segundo autor e contexto: culta-tradicional-popular
b) Segun formación musical: vocal-instrumental
c) Segun número intérpretes: sinfónica-cámara
d) Segundo función: relixiosa-profana
e) Segundo o contido: incidental-pura-programática

**BLOQUE 2: ANÁLISE DAS FORMAS E XÉNEROS HISTÓRICO I.**
**ASPECTOS SONOROS E ESTILÍSTICOS (2º TRIMESTRE)**

**TEMA 2.1: IDADE MEDIA**

a) Canto gregoriano
b) Cantigas profanas. Música de trobador
c) Cantigas na lírica galego portuguesa

**TEMA2.2: RENACEMENTO**

a) Xéneros relixiosos: misa, motete.
b) A canción profana: chanson, madrigal, vilancico.

**TEMA 3.3: BARROCO**

a) Música vocal: ópera, cantata, oratorio.
b) Música instrumental: fuga, suite, concerto, sonata barroca.

**BLOQUE 3:ANÁLISE DAS FORMAS E XÉNEROS HISTÓRICOS II.**
**ASPECTOS SONOROS E ESTILÍSITICOS (3º TRIMESTRE)**

**TEMA 3.1: CLASICISMO**

a) Música vocal: ópera.
b) Música instrumetal: sonata, sinfonía, concerto, cuarteto e música cámara en xeral.

**TEMA 3.2: ROMANTICISMO**

a) Música vocal: ópera, lied.
b) Música instrumental: música programática e música pura. (xéneros)

**TEMA 3.3: VANGARDAS DO S. XX**
a) postromanticismo
b) impresionismo
c) expresionismo e dodecafonismo (atonalidade)
d) neoclasicismo
e) música serial, aleatoria e electroacústica.

| | Análise Musical II. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | Bloque 1. Común | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B1.1. Estudo da forma musical a distintas escalas (macroforma, mesoforma e microforma) e a súa aplicación a diversos niveis. Análise estrutural, de motivos e de conxunto.<br>▪ B1.2. Consolidación de bos hábitos de escoita e de respecto polas demais persoas durante a interpretación da música. | ▪ B1.1. Recoñecer a forma dunha obra (a gran escala, media escala e pequena escala), a partir da súa audición e co apoio da partitura, e saber explicala con termos precisos. | ▪ AM2B1.1.1. Comprende o modo en que está construída unha obra, e explica a relación entre a estrutura e os elementos e procedementos utilizados, empregando unha linguaxe concreta e adecuada.<br>▪ AM2B1.1.2. Mantén uns correctos hábitos de escoita e de respecto polas demais persoas durante a interpretación da música. |
| ▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B1.3. Recoñecemento das características musicais que identifican os estilos musicais, mediante o uso da audición e a partitura.<br>▪ B1.4. Contextualización desas obras nun momento histórico ou estilístico. | ▪ B1.2. Recoñecer mediante a audición e a partitura o estilo dunha obra e as súas características tímbricas, melódicas, harmónicas, formais, etc. | ▪ AM2B1.2.1. Identifica os estilos e determina o que é propio deles desde distintos puntos de vista (formal, harmónico, melódico, rítmico, etc.).<br>▪ AM2B1.2.2. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico. |
| ▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B1.5. Expresión precisa das impresións producidas polas obras escoitadas e valoración das súas características construtivas. | ▪ B1.3. Identificar auditivamente e sobre a partitura os principais procedementos xeradores de forma que utiliza o/a autor/a nunha obra. | ▪ AM2B1.3.1. Recoñece e describe na audición os procedementos utilizados polo/a compositor/a que son articuladores da estrutura da obra. |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.6. Comparación de versións dunha mesma obra para determinar a calidade da interpretación e a adecuación ao reflectido na partitura.<br>▪ B1.7. Elaboración e lectura de críticas das obras escoitadas, atendendo especialmente ás impresións producidas pola obra, utilizando distintas fontes de información.<br>▪ B1.8. Procura e selección da información en fontes variadas relativas a temas musicais. | ▪ B1.4. Realizar a crítica dun concerto ou dunha audición, complementando o escoitado e o traballado na clase con achegas persoais e documentación procurada por si mesmo/a. | ▪ AM2B1.4.1. Elabora comentarios escritos ou orais sobre concertos en vivo ou audicións, con espírito crítico, utilizando unha terminoloxía adecuada.<br>▪ AM2B1.4.2. Expresa de xeito preciso as impresións e os sentimentos producidos polas obras escoitadas.<br>▪ AM2B1.4.3. Consulta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios. |

| | Análise Musical II. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | B1.9. Percepción de paralelismos construtivos en obras de diferentes estilos, e identificación das diferenzas entre eles. | ▪ B1.5. Escoitar obras de características ou estilos diversos e recoñecer as diferenzas e/ou relacións entre elas. | ▪ AM2B1.5.1. Distingue e describe aspectos característicos dos estilos musicais e a diferenza entre eles. |
| | | | ▪ AM2B1.5.2. Establece paralelismos entre obras distintas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ B1.10. Música con texto. Relación da palabra coa música: diferentes tratamentos.<br>▪ B1.11. Adquisición dunha terminoloxía precisa. | ▪ B1.6. Comentar oralmente ou por escrito a relación entre música e texto en obras de diferentes épocas e estilos. | ▪ AM2B1.6.1. Comprende e explica o tratamento do texto que realizou o/a compositor/a. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ | ▪ B1.12. Procura e selección da información, en fontes variadas, relativa a temas musicais.<br>▪ | ▪ B1.7. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre análise e contextualización estilística de obras musicais. | ▪ AM2B1.7.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ AM2B1.7.2. Selecciona correctamente os temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando os obstáculos que xurdan con creatividade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AM2B1.7.3. Toma as decisións acordes á súa responsabilidade nun traballo en grupo | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AM2B1.7.4. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, o reparto do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. A música medieval | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2. 1. Estudo analítico das características sonoras e estilísticas, as formas e os xéneros do canto gregoriano e outros cantos litúrxicos, a música profana medieval, o nacemento da polifonía, a Ars Antiqua e a Ars Nova. Modos eclesiásticos: características. | ▪ B2.1. Comentar a audición dunha obra pertencente á Idade Media utilizando unha terminoloxía adecuada. | ▪ AM2B2.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música medieval. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ AM2B2.1.2. Distingue as formas e os xéneros do canto gregoriano e outros cantos litúrxicos, a música profana, a polifonía, a Ars Antiqua e a Ars Nova. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ AM2B2.1.3. Analiza obras da música da Idade Media aplicando os coñecementos adquiridos. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ B1.10. Música con texto. Relación da palabra coa música: diferentes tratamentos.<br>▪ B1.11. Adquisición dunha terminoloxía precisa. | ▪ B1.6. Comentar oralmente ou por escrito a relación entre música e texto en obras de diferentes épocas e estilos. | ▪ AM2B1.6.1. Comprende e explica o tratamento do texto que realizou o/a compositor/a. | ▪ CCL |
